



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME DE LABORAL TEMPORAL, DE 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO AO ABEIRO DO PROXECTO “CONTRATACIÓN PERSOAS INSCRITAS NO SISTEMA DE GARANTÍA XUVENIL 2026”

PRIMEIRA.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal dunha persoa traballadora como Auxiliar administrativo (grupo de cotización 7) CNO 4500 segundo a subvención concedida a este Concello, pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao abeiro da orde 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración coas entidades locais e cos organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026

De acordo coa subvención, o Concello de Muxía debe contratar persoas mozas desempregadas, inscritas e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a través da presentación da oferta de emprego na correspondente oficina pública de emprego de Galicia, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas mozas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, deberá presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO) a 4 díxitos. A oferta na súa formulación non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación., segundo artigo 29 da orde de subvención .

Ademais segundo o artigo 29.7 da citada orde establece o seguinte:

“Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego que busca incrementar a empregabilidade das persoas mozas desempregadas, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas; As persoas mozas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

SEGUNDA.- DURACIÓN, TIPO DE CONTRATO E FUNCIÓNS DO POSTO.

O contrato laboral que se realizará coas persoas seleccionadas serán de duración determinada na modalidade de contrato de traballo temporal vinculado a programas financiados con fondos europeos (código de contrato 405), a xornada completa (37,5 horas), por un período de 9 meses, de conformidade coa normativa laboral vixente e coa Orde do 22 de maio de 2026

Denominación: Auxiliar administrativo/a

CNO: 4500

Grupo de cotización: 7

Financiación do programa: FSE+ Galicia 2021-2027.

O horario, que será de xornada partida, e a súa distribución, determinaranse en función das necesidades do servizo, con respecto, en todo caso, dos descansos, límites de xornada e demais condicións previstas na normativa laboral e convencional aplicable.

Son funcións do posto entre outros: Atención ao público presencial, telefónica e electrónica, elaboración de escritos e documentos de trámite, apoio na xestión documental, manexo de ferramentas ofimática, outras tarefas auxiliares de acordo coa categoría.

Retribucións brutas mensuais incluída prorrata de pagas extras: 1877,36€

TERCEIRA.- REQUISITOS

1.- Para seren admitidos ó presente proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 57 do TREBEP e no artigo 52 da LEPG, no suposto de acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados, permita o acceso ao emprego público

b) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

c) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas

d) Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil, de conformidade co artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

e) Posuír o título de Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias. Así mesmo, observarse o establecido na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen as equivalencias cos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, de 7 de marzo.

Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír as titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

f) Ser **desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia**. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato, e consecuentemente ser candidatos/as previamente seleccionados/as polo Servizo Público de Emprego de Galicia, previa oferta de emprego realizada polo Concello de Muxía.

g) ***Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Para ser beneficiarias desta medida, as persoas mozas deberán constar como inscritas e beneficiarias no ficheiro do SNGX, así como cumprir os requisitos de non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior ao momento de recibir a actuación, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, e polo Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo***



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

h) Estar en posesión do certificado acreditativo/xustificativo que acredite o nivel de coñecemento da lingua galega, CELGA 3 ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación, requirido para o desenvolvemento en galego do traballo que a persoa aspirante vai realizar habitualmente no Concello.

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da LEPG os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega requirido, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, que cualificará ao/á aspirante como APTO ou NON APTO

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ao último día de prazo de presentación das instancias, e mantelos ata o día da contratación.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE REALIZACIÓN DAS PROBAS.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

1.- O proceso selectivo realizarase mediante presentación de oferta de emprego ante a oficina do Servizo público de emprego de Cee, co obxecto de dar cumprimento o establecido na Orde de subvención

Unha vez recibida a lista dos candidatos seleccionados pola Oficina de emprego, procederase á publicación da mesma no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Muxía e, a título meramente informativo, na páxina web municipal, e os devanditos candidatos disporán dun prazo máximo de 5 (cinco) días hábiles a contar dende o día seguinte á data de publicación, para presentar solicitude de participación no proceso selectivo nos modelos normalizados que figuran como anexos a estas bases.

As instancias dirixiranse ó Alcalde do Concello de Muxía e presentaranse preferentemente a través da Sede electrónica ou ben no Rexistro Xeral do Concello situado na rúa Real, 35, 15124 Muxía, A Coruña, ou na forma prevista nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas .

Aquelas solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido a tal efecto, quedarán excluídas do proceso de selección.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

Documentación:

As instancias irán acompañadas do DNI, Celga 3 ou equivalente, titulación esixida, , e declaración (que figura no Anexo II) de cumprimento dos requisitos exixidos. No seu caso, documentación sobre adaptacións necesarias para a realización das probas

Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

2.- O Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes, tendo en conta o establecido da orde 22 de maio de 2026, debendo remitir ao Concello os candidatos/as correspondentes, tendo en conta que terán preferencia en todo caso as persoas con maior dificultade para inserción laboral de acordo ao establecido na orde de convocatoria.

3.- A inclusión na relación remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia será requisito imprescindible para participar. A admisión definitiva quedará condicionada, ademais, á presentación da solicitude en prazo e ao cumprimento dos restantes requisitos establecidos nestas bases.

4.- Non poderán ser contratadas, con cargo ás axudas previstas nesta orde, as persoas traballadoras que fosen contratadas en calquera entidade, por un período igual ou superior a cento oitenta (180) días, ao abeiro das axudas concedidas polas ordes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, que se relacionan a continuación:

– Orde do 4 de agosto de 2025 (DOG núm. 157, do 19 de agosto: código de procedemento TR352A 2025).

– Orde do 13 de agosto de 2025 (DOG núm. 160, do 22 de agosto: códigos de procedemento TR350E e TR349Z 2025)

5.- Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da corporación, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Muxía e, a título meramente informativo, na páxina web municipal indicando o prazo aos efectos de reclamacións ou emenda de erros. Na mesma resolución designarase ao Tribunal cualificador do proceso selectivo e o lugar e a data da celebración das probas de selección.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

Quen dentro do prazo sinalado, non emende os defectos xustificando o seu dereito a ser admitido/a, será definitiva mente excluído/a do proceso desta convocatoria.

De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva, sen prexuízo de que contra a mesma se poderán interpoñer os recursos procedentes en dereito.

As reclamacións, se as houbese, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional.

No caso de que por circunstancias excepcionais houbese que modificar lugar, data ou hora dalgunha das probas a realizar, a modificación publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Muxía e, a título meramente informativo, na páxina web municipal.

QUINTA. TRIBUNAL.

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe a Alcaldía. Os seus integrantes deberán ser Funcionarios/as ou persoal laboral fixo ó servizo das Administracións Públicas, con titulación igual ou superior á requirida para o acceso á praza.

Os membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ao principio de imparcialidade, paridade entre homes e mulleres e profesionalidade dos seus membros.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar validamente, sen asistencia do presidente e secretario/a e como mínimo un vogal, titular ou suplente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos asistentes

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse e poderá adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os membros do tribunal absteranse de intervir, e o comunicarán á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das Administracións Públicas, artigo 23 da LRJSP.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente.

SEXTA.- PROCESO SELECTIVO.

O sistema de selección consistirá nunha proba obxectiva entre as persoas candidatas remitidas polo Servizo Público de Emprego de Galicia en resposta á oferta presentada polo Concello

Proba obxectiva.

1º exercicio. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario, tipo test de 40 preguntas con 3 respostas alternativas baseadas no contido do programa do Anexo II, durante un tempo máximo de 60 minutos.

O tribunal cualificador disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato das persoas aspirantes na realización do exercicio. Este exercicio valorarase con 30 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 15 puntos para superala. Neste exercicio cada resposta incorrecta non penalizará e non se puntuarán as non contestadas.

Facúltase ao tribunal para que poida poñer preguntas de reserva tipo test ata un máximo de catro, sen que implique a ampliación do tempo para a realización do exercicio. Estas preguntas substituirán, pola súa orde correlativa, a aquelas preguntas que, no seu caso, sexan obxecto de anulación despois da realización do exercicio. O criterio único de valoración desta proba é o acerto nas alternativas propostas.

Unha vez finalizada a proba, o órgano de selección publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Muxía os resultados acadados polos aspirantes neste exercicio, as persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas no prazo de 2 días hábiles contados desde o día seguinte á publicación dos resultados no taboleiro de anuncios.

Os/as aspirantes que non se presenten á realización das probas, quedarán eliminados do proceso selectivo

2º exercicio. PROBA DE COÑECEMENTO DE GALEGO. Carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na tradución directa ou inversa dun texto de ata 100 palabras e/ou na resposta a cuestións de comprensión e expresión correspondentes ao nivel CELGA 3. A duración máxima será de 30 minutos. O tribunal establecerá previamente os criterios obxectivos para a cualificación de apto ou non apto.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

Terá carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que non acrediten antes da súa realización estar en posesión do título de CELGA 3.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, ou equivalente.

A cualificación será de apto ou non apto.

SÉPTIMA. LISTA DE SELECCIONADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS:

Concluídas as probas selectivas o Tribunal cualificador formulará proposta de contratación.

A proposta do Tribunal publicarase no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Muxía na que aparecerá o listado coas puntuacións, por orde decrecente, acadadas por cada un/unha dos/das aspirantes no procedemento de selección e a proposta de contratación.

O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, na que figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen aprobados/as por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas. No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o/a aspirante aprobado/a non chegue a formalizar o contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo/a polo/a seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada.

Os/As interesados/as disporán dun prazo de dous días hábiles contados dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións, que estimen oportunas.

Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse polo Tribunal as alegacións existentes e volverase a publicar a lista cos resultados definitivos, designándose ás persoas que se propoñen para a contratación, así como a lista de reserva.

No caso de empate de puntuación levarase a cabo un sorteo



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

As persoas seleccionadas deberán de presentar no prazo de 2 días hábiles a partir da publicación do resultado da selección a seguinte documentación:

- Titulación orixinal e Celga (se se alegou a exención)
- DNI e autorización para traballar no seu caso.
- Acreditación da situación de demandante de emprego e beneficiario de Garantía Xuvenil
- Certificado da conta bancaria e número de afiliación da seguridade social.
- Declaración xurada de non atoparse separado do servizo de AAPP, nin estar incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade.

Con carácter previo á contratación deberán superar un recoñecemento médico na data e hora indicados polo concello.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentase a documentación ou non acreditase reunir os requisitos esixidos, non poderá ser nomeada e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

Formalizarase listaxe de reserva coas persoas que non obtiveron posto por menor puntuación.

OITAVA. INCIDENCIAS

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; e, todo isto, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

NOVENA . RECURSOS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso potestativo de reposición no prazo dun (1) mes ante a Alcaldía, ou alternativamente recurso contencioso – administrativo no prazo de dous (2) meses ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de A Coruña, contados en ámbolos dous casos os prazos a partir do día seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

PROGRAMA- ANEXO 1

1. A Constitución Española: Estrutura e contido. Principios xerais e Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. Estatuto de autonomía de Galicia. Principios xerais.
3. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: a capacidade de obrar e o concepto de persoa interesada.
4. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: Identificación e sinatura das persoas interesadas no procedemento administrativo.
5. Lei 39/2015, de 1 de Outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: Procedemento administrativo común. Fases.
6. Lei 39/2015, de 1 de Outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: Recursos administrativos.
7. A autonomía local. Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local: A Administración local: entidades que integran. O municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A Poboación.
8. Órganos de goberno nos municipios de réxime común. O Alcalde: elección, atribucións, competencias. Os Tenentes de Alcalde. Os Concelleiros. O Concello Pleno. A Xunta de Goberno Local. As competencias municipais.
9. Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Tipoloxía de persoal e dereitos e deberes do persoal público.
10. Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia. Situacións administrativas, permisos e licenzas do persoal público.
11. A lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia. A Biblioteca de Galicia: Definición e funcións
12. A lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia. Réxime de prestación dos servizos bibliotecarios. Réxime sancionador
13. Préstamos e plataformas públicas de préstamos de libros electrónicos
14. Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

15. A prevención de riscos laborais: marco legal na Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais e desenvolvemento normativo da devandita prevención. Dereitos e obrigas dos traballadores.
16. Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: Transparencia da actividade pública.
17. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: Disposicións xerais. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas. Responsable e encargado do tratamento de datos.
18. Principais elementos (Hardware) e conceptos dun equipo informático. Principais aplicacións utilizadas polo persoal da administración: Procesador de texto, folla de cálculo, base de datos, LibreOffice. Xestión de documentos en formato PDF. Tratamento de ficheiros informáticos de datos de carácter persoal.
19. Funcionamento electrónico do sector público (Cap. V da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público).
20. Conceptos básicos de ciberseguridade: Real Decreto 311/2022, de 3 de mayo, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridad. Principios básicos. Política de seguridade e requisitos mínimos de seguridade



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

ANEXO II: MODELO INSTANCIA

D/Dona _____ con DNI _____

Data de nacemento _____

Enderezo _____ CP _____

Localidade _____ Teléfono de contacto _____

e-mail _____

Expón: que figurando na lista de candidatos publicada no taboleiro electrónico do Concello de Muxía e tendo coñecemento da apertura do prazo de presentación de instancias **para a provisión, en réxime de laboral temporal, de 1 posto Auxiliar Administrativo (CNO 4500),**

DECLARO:

- Que teño coñecemento e acepto na súa totalidade o contido das bases que regulan este proceso selectivo.
- Que cumpro coa totalidade dos requisitos tanto xerais como específicos establecidos.
- Ser desempregado/a inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego.
- *Estar inscrito/a como beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*
- Que autorizo ó Concello de Muxía para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos) e das posibles causas de exclusión, á cualificación de probas e avaliación no taboleiro de anuncios do concello, na sede electrónica e na páxina web do Concello de Muxía ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección. Asemade, autorizo o traslado dos mesmos á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración co obxectivo de xustificar a subvención concedida
- Que autorizo ao Concello de Muxía para recabar información do Servizo Público de Emprego requirido para xustificar a miña condición de persoa desempregada no momento do inicio do proceso selectivo e, no caso de resultar seleccionado/a, na data de comezo do contrato.

E efectuando pola presente Declaración responsable da exactitude e veracidade da achego copia da documentación que se aporta xunto á presente:

- 1 Copia do DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia
- 2 Copia da acreditación de coñecemento de lingua galega para exención de realización de proba de galego (CELGA ou equivalente)



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

3 Copia da titulación requirida

Por todo o exposto **SOLICITA:**

Sexa admitida esta Instancia para participar no proceso selectivo para a provisión en réxime laboral temporal do posto de un auxiliar administrativo subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Asdo.: _____

Protección de datos

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE MUXÍA, con dirección RÚA REAL, 35, 15124 - MUXÍA (A CORUÑA); correo@muxia.es.

Finalidade do tratamento: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

Prazo de conservación: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo e sempre que se vexa cumprido o prazo de prescrición de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

Lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.

Destinatarios de cesións: CONCELLO DE MUXÍA non cederá os seus datos de carácter persoal.

Dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O Concello de Muxía dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en correo@muxia.es, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Muxía, a _____ de _____ de 2026

Asdo.:

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUXÍA.